



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO, PARA A O DESENVOLVEMENTO DE ACCIONS DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO E ATENCIÓN ÁS SÚAS VÍTIMAS.

Santiago, 17 de novembro de 2017

REUNIDOS

Dunha banda,

Dunha banda, Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia"

Doutra parte, a Asociación Rede contra os Malos Tratos de Vigo, CIF G36928646, representada por Rosario Otero Rodríguez , que actúa en nome e representación da mesma en virtude da súa condición de Presidenta, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos artigo 17 dos seus estatutos

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e conveniar e,

EXPOÑEN

Primeiro.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.

Segundo.

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación



entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, e na demais lexislación aplicable na materia.

Terceiro

Que a violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos.

Cuarto

Que a Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece no seu artigo 6 que o departamento competente en materia de igualdade, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, porá en marcha de xeito periódico, campañas de información e sensibilización que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, e que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero.

Quinto.

Que o artigo 7.2 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece que o departamento competente en materia de Igualdade establecerá axudas económicas destinadas a que o movemento asociativo en Galicia desenvolva actividades que promovan a prevención e a erradicación da violencia de xénero.

Sexto.

Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo é unha entidade de dereito público que ten entre os seus fins os de traballar na prevención e concienciación da violencia de xénero, difundido valores de igualdade, o de acompañar ás mulleres en todas as situacións en que o precisen, así como os de traballar con perspectiva de xénero e ser interlocutora coa administración no referente á problemática da violencia de xénero.



Sétimo

Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo leva a cabo actividades de información, formación, atención, apoio e acompañamento ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, e que ten entre os fins os de defender a dignidade e os dereitos das mulleres, a eliminación da violencia contra as mulleres en todos os ámbitos, contribuíndo a minimizar os danos psicolóxicos e físicos desta violencia, promovendo ademais a concienciación social fronte os malos tratos e impulsando a mobilización social.

Oitavo

Que, pola súa experiencia e coñecemento e especialización das profesionais das que dispón, especificamente no campo da violencia de xénero así como a dilatada experiencia que acredita no trato con vítimas desta violencia, a Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo reúne as condicións para o desenvolvemento dun Programa prevención da violencia de xénero e atención ás súas vítimas, programa que dificilmente pode asumir outra asociación da provincia de Pontevedra que acheguen unha experiencia e un grupo de profesionais destas características.

Noveno.

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas un acompañamento especializado a través de persoas con formación e coñecemento específico da violencia machista, de xeito gratuito e voluntario.

Por todo o indicado, todas as partes acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade

O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo, para o desenvolvemento por unha banda de accións enmarcadas na campaña de loita contra a violencia de xénero, dirixidas a sensibilizar á poboación sobre esta lacra, e por outra accións de apoio social e acompañamento con vítimas da violencia machista: información, apoio na realización de trámites legais, apoio no intercambio de menores, acompañamento a xuízos, etc.

SEGUNDA.-Compromisos das partes.

a) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría xeral da Igualdade, comprométese a facilitar o material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia de xénero que elabore a Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo, así como a poñer á súa disposición persoal técnico especializado para a coordinación conxunta de actuacións de apoio ás vítimas da violencia de xénero, facilitando ademais o acceso directo das súas usuarias á Rede galega de Acollemento.

b) A Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a desenvolver accións de sensibilización e prevención da violencia de xénero, así como a prestar apoio e acompañamento ás vítimas da violencia de xénero, sempre en colaboración e coordinación cos servizos públicos (servizos sociais, centros de información ás mulleres, centro de recuperación integral para mulleres que sofren violencia de xénero, rede galega de acollemento, etc), correspondentes en cada caso.

TERCEIRA.- Financiamento.

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Secretaría Xeral da Igualdade aboará a Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo, a cantidade total de 10.000 € (dez mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313D.481.0 (código de proxecto 2012 00931) dos orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.



CUARTA.- Xustificación e Pagamento.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data, e dos resultados obtidos.
- **Certificación** expedida polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento.
- **Orixinais das facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior **e a documentación acreditativa do pagamento**. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.
- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra



débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 15 de xuño de 2017 e o 15 de decembro de 2017, e deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con data límite 17 de decembro de 2017. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificados. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

QUINTA.- Obrigas

a) No desenvolvemento das actuacións sinaladas neste convenio a Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo non percibirá ningunha remuneración por parte das persoas usuarias destes programas, deberá facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice a colaboración técnica e financeira que presta a Secretaría Xeral da Igualdade, utilizando correctamente a identificación da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

b) A Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo, deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

c) A Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo deberá cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.

d) A Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo deberá comunicarlle á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.



e) A Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

SEXTA.- Compatibilidade

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

SÉTIMA.-Duración.

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2017.

OITAVA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Secretaría Xeral da Igualdade) de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

NOVENA.-Modificación, revogación e reintegro

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Ao abeiro do artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.



2. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestímulo pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

Será causa de extinción deste Convenio

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio
- c) A desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio.

DÉCIMA.- Protección de datos

A Asociación Rede contra os Malos Tratos de Vigo queda obrigada a gardar o segredo profesional respecto aos datos de carácter persoal das persoas participantes no programa, tanto dos contidos en ficheiros automatizados se fora o caso, como dos rexistrados en soportes físicos susceptibles de tratamento automatizado. Esta obriga subsistirá aínda cando finalice a súa colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e demais normativa que a desenvolva.

Os datos de carácter persoal obxecto do tratamento automatizado estarán sometidos, no que respecta á súa comunicación, ao disposto no artigo 11 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Publicidade.

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e



Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da dita subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

DÉCIMO SEGUNDA.- Réxime xurídico do Convenio, Seguimento e Control.

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase proceder de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.



XUNTA DE GALICIA

galicia

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:

- Pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: A secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a desa Secretaría.
- pola Asociación Rede contra os Malos Tratos de Vigo, a súa presidenta ou persoa que esta dispoña para que a substitúa.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado, no lugar e data arriba indicados.

O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA

P.D. (Orde do 14 de maio de 2013)
A SECRETAIA XERAL DA IGUALDADE



Susana López Abella

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN REDE
DE MULLERES CONTRA OS
MALOSTRATOS DE VIGO

Rosario Otero Rodríguez